

INFORME/RESUMO PLENO DO COMITÉ DE EMPRESA DE 31 DE MARZO DE 2006

Orde do día:

Actas

Informe das Comisións

Despacho

O+M (traballos en domicilios)

Varios:

-Peticións de informes ó Comité.

-Cambio de acoplamento irregular

ooooooooooooOOOOOOOOOOoooooooooooo

Previo: Preséntase o novo membro do Comité por UTS e apróbase o nomeamento do seu novo delegado de prevención Sr. Domenech.

Actas:

Apróbase a acta 24, correspondente ó pleno de Febreiro.

Informe das Comisións:

Comisión de Seguridade e Saúde Laboral

Infórmase dos temas tratados na derradeira xunta entre eles: Accidente dun OTPI no repartidor de Sada por electrocución. Obturación de ocos nos edificios. Equipos de emerxencia e cursos de formación. Instalación de novos Litespan, farase un informe previo para optimizar as ubicacións. Avaliación de riscos en varios centros, os puntos conflictivos seguen sen solucionarse.

Comisión de Formación

Segue sen haber xuntas desta Comisión, que posiblemente se liquide e pase a informarse na de Xestión

Comisión de Xestión

Infórmase sobre o tratado na Xunta do 15 de Marzo

Retirada de Complemento por IT: dáse conta da información incorrecta sobre o tema que fixeron circular polo CSD.

Incremento de Produtividade Planta Exterior: dáse conta da información facilitada por Picón sobre produtividade. Solicitouse unha xunta con responsables máis directos, para ter unha información máis completa. *Expón Pereira neste pleno como directamente afectado como está a situación..*

Despacho: A empresa pretende levar a actividade que se está realizando aquí para Sevilla, Tratarase o tema na xunta do día 7 convocada ó efecto.

Imaxenio: o xerente do territorio norte II expuxo a pretensión da empresa de recuperar actividade de mantemento de Imaxenio, para meterllo a O+M tendo que ir á casa do cliente os OTPI.

Despacho:

Elúdese o punto ó ser incluído no punto Comisión de Xestión.

O+M:

Ante a decisión da empresa de facer ir os OTPI de O+M á casa dos clientes para o mantemento de Imaxenio, a CIG presenta as seguintes propostas para reclamar da empresa e do C. Intercentros a paralización do tema que non está negociado

As propostas quedaron para modificar lixeiramente o seu redactado nunha xunta da C. Permanente o mércores ás 9 horas ó haber consenso no seu contido.

PROPOSTA DE CIG Ó COMITÉ PROVINCIAL DE A CORUÑA

31/3/2006

ACTIVIDADES O+M

Ó Comité Provincial de Telefónica na Coruña considera que a intención da empresa de ampliar as funcións dos OTPI de O+M, incluíndo nas mesmas a actuación na casa do cliente nas averías de IMAGENIO que así o requiran, sobrepasa a actual normativa e os acordos que existen entre a Empresa e a RR.TT. sobre as funcións desta categoría neste departamento. Consecuentemente con esta posición emplazamos o Comité Intercentros para que esixa da empresa a retirada desta iniciativa así como a suspensión dos cursos de PRL que con tal motivo ten programado a empresa. Rexeitamos así mesmo que se considere a esta provincia un territorio para experimentar a aplicación deste proxecto, que noutras nin siquera está plantexado.

oooooooooooooooooooo0000000000000000oooooooooooooooooooo

PROPOSTA DE CIG Ó COMITÉ PROVINCIAL DE A CORUÑA

31/3/2006

ACTIVIDADES O+M

Ó Comité Provincial de Telefónica na Coruña considera que a intención da empresa de ampliar as funcións dos OTPI de O+M, incluíndo nas mesmas a actuación na casa do cliente nas averías de IMAGENIO que así o requiran, sobrepasa a actual normativa e os acordos que existen entre a Empresa e a RR.TT. sobre as funcións desta categoría neste departamento. Consecuentemente con esta posición exiximos da empresa a retirada desta iniciativa así como a suspensión dos cursos de PRL que con tal motivo ten programado a empresa. Rexeitamos así mesmo que se considere a esta provincia un territorio para experimentar a aplicación deste proxecto, que noutras nin siquera está plantexado.

Varios:

-Petición de informes do Comité:

Feito polo presidente un informe para un compañeiro para un recurso sobre unha incapacidade.

Solicitarase da empresa a documentación relativa ós traslados que interesan ó compañeiro afectado, e que se considera prexudicado.

-Cambio de acoplamento irregular:

Diante do escrito presentado pola empresa, de cambio de acoplamento por reestruturación organizativa para un compañeiro doutra localidade, contestaráselle á empresa que non procede pois en realidade está facendo un traslado encuberto.

ooooooO00000Ooooooo